

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir no seu aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia número 53265 de 21 de decembro de 2022.**

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA.**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA
DE BERGANTIÑOS.**

Asdo.: D. Xosé Luis Penas Corral

Asdo.: D. Eduardo José Parga Veiga

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Dna. Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 133 /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS) 2023

Na Coruña, a 29 de decembro de 2022.

Ante mín, Dna. Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Luis Penas Corral, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña e doutra D. Eduardo José Parga Veiga, Alcalde-Presidente do concello de Malpica de Bergantiños.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños .
- 2.- O concello de Malpica de Bergantiños desde o ano 2006 leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Ecomuseo do Forno do Forte, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente, a tradición oleira local e as novas formas de produción. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.
- 3.- O Concello de Malpica de Bergantiños durante estes anos, cumpriu coas obrigacións que se estipularon nos respectivos convenios de colaboración subscritos ata o momento.
- 4.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscibir o presente convenio, según as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños CIF: P1504400A por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño, ano 2023.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

O concello de Malpica de Bergantiños fará constar en todas as actividades programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

A xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Malpica de Bergantiños:

- Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo,

- Facilitar a visita do Ecomuseo, que incluíra visita guiada, demostración de torneado e no caso que o desexe o visitante, elaboración dunha peza no torno coa axuda do oleiro. Facilitáraselle ao turista ademais dos folletos propios do Ecomuseo, disponibles en castelán, galego, inglés e francés, información sobre Malpica de Bergantiños e a Costa da Morte.
- Elabóranse estatísticas dos visitantes co fin de mellorar o servizo, a información e coñecemento das zonas onde será necesario reforzar a difusión.
- Os visitantes dispoñen de cuestionarios de satisfacción impresos en castelán, galego, inglés e francés, que permite saber como coñeceron o Ecomuseo, o seu grao de satisfacción sobre a exposición e atención recibida entre outros, datos que nos permiten mellorar o noso traballo.
- A atención será sempre o máis amable e considerada.
- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial as relacionadas coa olería de Buño. Con tal finalidade colaborárase activamente coa Asociación Oleira de Buño, coas demais asociación da contorna e coa concellería de cultura.
- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente o relacionado coa olería, recollendo pezas antigas, documentando formas descoñecidas, costumes e actividades. Inclúese neste apartado cuestións relacionadas coa agriculturas e a historia.
- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona. Dentro deste apartado destacamos a colaboración co Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, Castelo de San Antón, coa revisión periódica dos depósitos de material arqueolóxico procedentes de actuacións urbanas.
- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.
- Promover a asistencia de colexios e institutos da provincia co fin de educar, difundir e informar da vida tradicional dunha familia oleira e da historia da olería. Para conseguir estes obxectivos realízanse visitas guiadas, fanse demostracións no torno e organízase un taller de modelado de barro para os colexios e os alumnos dos institutos elaboran pezas no torno.
- Promover actividades culturais dentro da teoría do Ecomuseo: resalta neste apartado as Coceduras Tradicionais e Festa da Carroa que o próximo ano 2023 realizará a XXII edición. A actividade será reforzada con actuacións e actividades paralelas como son un pasarúas en Malpica e Buño o día anterior á cocedura e o mesmo día co fin de dinamizar a contorna e promocionar a actividade. O pasarúas irá acompañado do reparto de volantinas informando da actividade. Tamén se desenvolverán actuacións de música tracional e/ou doutro tipo, sempre centrando a actividade en temas tradicionais.
- Mantense a relación con outros centros, especialmente os centros oleiros galegos así como coa Asociación Española de Cidades da Cerámica e o Centro de Artesanía e Deseño.
- O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a financiación da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todas actividades, programas e soportes, folletos e carteis, etc., que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Ley 9/2017 de 8 de novembro de contratos del Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos, fóra dos luns que permanecerá pechado.

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

Mantense a actividade de obradoiros de modelado de barro en Semana Santa e nos meses de xullo e agosto, “...pero a súa contratación está condicionada á existencia de crédito, cuestión que depende directamente do convenio que se propón renovar”, segundo indican na memoria presentada. O obradoiro de barro realizaríase durante 5 días á semana, 3 horas ao día pola tarde.

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1.- A Deputación provincial da Coruña abonará ao concello de Malpica de Bergantiños, o importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 70.000,00 € durante a anualidade de 2023, do 01 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3333/22609, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2.- No caso de que os gastos xustificadas non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula 4ª do convenio.

3.- Aboarase de conformidade co disposto na cláusula 5ª do texto do convenio.

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

OITAVA: VIXENCIA

1. O prazo de vixencia do presente convenio exténdese **dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de marzo do 2024.**

2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, **entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro do 2023**, e terán que estar xustificadas 1 mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.